
Bueu...

Edita
Concello de Bueu

Fotografía e deseño
Melodía Visual



# Índice

1- Presentación → 02

2- Emprazamento xeográfico → 03

3- A localidade → 04

San Martiño de Bueu
Santa María de Beluso
Santa María de Cela

4- Arte e arquitectura → 07

Museo Massó
Pazos
Hórreos e cruceiros

5- Natureza → 10

As praias e a costa
Rutas de sendeirismo
Cabo Udra

6- A illa de Ons → 16

7- Gastronomía e festas → 18

8- Direccións de interese → 20

# Presentación



... Benvido a esta fermosa vila costeira bañada polo Atlántico e arroupada polo verde dos seus montes, da que sen dúbida se levará un recordo inesquecibel. Bueu ofrécelle o aroma do seu mar, as historias dos seus monumentos, a beleza dos seus bosques, e as súas praias e un contacto directo coa amabilidade da súa xente.

A riqueza dos seus exquisitos mariscos e peixes, o saboroso polbo da Illa de Ons, o sabor das uvas en setembro e das filloas no Entroido, sen esquecemos da colleita do millo corvo (típico millo de cor negro), fan que cada época do ano sexa especial en Bueu.



Casa consistorial

As súas festas e festivais xunto coas actividades culturais dos seus colectivos, convirten a nosa vila nun elemento vivo dentro dunha comarca coma O Morrazo, cunha oferta de ocio rica e variada.

Para desfrutar de todo isto e máis, veña e síganos. Acompañámoslle nunha viaxe chea de emocións, de lugares marabillosos para visitar e de espazos para coñecer. Páxina a páxina irase adentrando na singularidade desta nosa vila mariñeira.

Panorámica de Bueu



# Emprazamento xeográfico

## 02.

A vila está integrada na Comarca do Morrazo, limitando ao sur coa vila de Cangas, ao leste coas de Marín e Moaña e ao oeste coa ría de Aldán. Ao norte da localidade atópase bañado pola ría de Pontevedra, onde se atopa a Illa de Ons, que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.




O clima, de tipo oceánico, é moi agradabel, con invernos suaves e veráns cálidos.

Bueu está perfectamente comunicado mediante a estrada C-550 que o une á cidade de Pontevedra da que só dista 20 km. Para achegarse dende Vigo, pódese optar pola N-550 ou polo corredor de O Morrazo, que dispon de saídas para o resto da comarca ademais de dúas para Bueu, unha en dirección centro urbán e outra para acceder á parroquia de Beluso . Dende Cangas pódese chegar pola costa, existindo tamén a alternativa do interior a través da estrada autonómica PO-320.







Bueu sitúase a 35 km do aeroporto de Peinador, en Vigo, e a 76 do de Lavacolla, en Santiago, con fácil acceso a ambos pola autopista do Atlántico-AP9-.Tamén se dispon de boas comunicacións coas estacións de autobuses e de ferrocarril de Vigo e Pontevedra, dende as que existen servizos regulares.



... Bueu é unha vila costeira que supera os 12.000 habitantes, cunha extensión de 31 kilómetros cadrados dos cales aproximadamente 10 teñen carácter insular.

A súa principal fonte de riqueza é a pesca, mentras que os cultivos adícanse esencialmente ao autoconsumo. A pesca de arrastre foi desprazando á de ardora, para a que se utiliza a do cerco, que antano facía de Bueu un dos portos máis importantes polo seu impulso da industria conserveira.

A vila de Bueu estructúrase en tres parroquias: Santa María de Beluso, Santa María de Cela e San Martiño de Bueu.



Porto pesqueiro

## > San Martiño de Bueu...

A parroquia que da nome á localidade concentra algúns dos principais servizos. O porto da vila reúne a un gran número de barcos pesqueiros que dan vida á súa importante lonxa do peixe, onde se realizan subastas a diario sendo o gran referente o polbo fresco. Na mesma franxa litoral sitúanse a Praza de Abastos e o Centro Social do Mar, onde se celebran a maior parte das actividades culturais do Concello.




Centro Social do Mar

Moi preto atópase a Casa do Concello, o Museo Massó e tamén as praias urbanas de Petís e Pescadoira, dende onde se prolonga o paseo marítimo ata alcanzar a Banda do Río, xunto á praia do mesmo nome.


Paseo Banda do Río

A parroquia tamén conta coa igrexa de San Martiño, reconstruida no século XIX a partires dun antigo templo románico do cal se conservan algunhas pedras, ten tres naves e ábside rectangular con fachada neoclásica.

## > Santa María de Beluso...

Chégase pola estrada da costa que vai de Bueu a Cangas. O centro da parroquia está constituido pola Rúa Nova, desde onde parte a estrada que vai ao Cabo Udra, espazo incluido na Rede Natura 2000.

Desde a Rúa Nova tamém temos acceso ás praias de Lagos e Areas de Bon. Dúas estradas máis parten do centro de Beluso, unha de elas con dirección a Bon. Neste lugar atópase a hermida de San Mamede, do século XVII, onde son de interese a sacristía, o altar


Praia de Beluso

churrigueresco e unha inscrición de 1726 labrada no arco triunfal. A importancia do templo e do entorno reside ademais en que aparecen citados en varias cantigas da época medievalO vial desemboca no Alto da Portela, en cuxas inmediacións se atopa a capela de San Cosme e San Damián. Desde o cruce principal podemos dirixirnos cara Cangas pola estrada autonómica 320 ou acceder ao corredor de O Morrazo en dirección Cangas, Moaña e Vigo.

Igrexa de Cela



## > Santa María de Cela...

... A parroquia de Cela sitúase entre Bueu e Marín. É famosa a súa igrexa románica do século XII, dunha nave e ábside rectangulares. Na fachada do templo destaca a porta cos arcos apuntados e un curioso tímpano no que aparece a figura dun encarapuchado flanqueado por leons, mentras que o dintel está decorado con tres cruces románicas. Subindo pola estrada da igrexa parroquial accédese ao monte de Chans, onde hai habilitada unha área recreativa e de paseo, cunhas marabillosas vistas sobre a vila e a ría de Pontevedra. A axeitada altura con respecto ao nivel do mar convírteo nun lugar ideal para a práctica do parapente.



Chans

## > Museo Massó...



O Museo Massó, inaugurado polo inventor Gugliemo Marconi en 1928, naceu pola iniciativa da familia catalana que deu noves ás industrias conserveiras máis dinámicas da comarca. A colección, que constitúe un auténtico referente da cultura mariñeira, abarca desde restos arqueolóxicos, como ánforas romanas,



ata antigos instrumentos de navegación, sen esquecer a cartografía náutica e os libros incunables, auténticas xoias bibliográficas entre as que destacan Cosmographia, de Ptolomeo (1490) e Tabla de la diversidad de los Días, de Nebrija (1499).

As dúas salas de exposicións albergan ademais unha carpintería de Ribeira e modelos de embarcacións antigas, así como pezas da xa desaparecida fábrica de Massó, que poñen de manifesto o desenvolvemento do sector conserveiro e baleeiro ao longo do século XIX. O museo acolle tamén unha colección de cadros do pintor galego Urbano Lugrís, que conta en Bueu con outra obra de su autoría.



Trátase da capela de Santos Reis, construción ubicada en O Valado que reflexa as características da arquitectura e da escultura do artista.



Capela de Santos Reis

## > Pazos...

... Xunto coas igrexas e capelas xa mencionadas, e das mostras tradicionais como muiños e lavadoiros, os pazos constitúen as construcións máis singulares da arquitectura en Bueu.



Pazo de Ouril

Entre estas casas blasonadas, de propiedade privada, destaca o Pazo de Santa Cruz ou de Quitapesares, do século XVII, situado no Alto da Carrasqueira. No lugar de A Graña, xunto á estrada que une Bueu e Cangas, atópase o pazo máis antigo da vila, cuxa construción remóntase ao século XV. Trátase da Casa dos Picos ou Pazo do Casal, onde se conta que descansou a raíña dona Urraca. Ao outro lado do val, no Monte do Roxo, ubícase o Pazo de Castrelo.

Pazo de Santa Cruz



A parroquia de Cela conta coa Casa do Pracer, coa capela de San Antonio de Padua e a Casa da Torre, mentras que en Beluso se atopa o Pazo de Ouril.

## > Hórreos e cruceiros...



Hórreo

... O rural de Bueu reúne numerosas mostras da arquitectura e escultura tradicional. Boa parte das casas contan co seu propio horreo, estructuras de pedra nas que se gardaba o gran , sobre todo de millo ademais de patacas. Algúns hórreos teñen a particular característica de contar cun reloxo de sol.



Cruceiro

Galiza é tamén terra de cruceiros, tanto xunto aos templos relixiosos como nos cruces de camiños. As capelas de San Mamede, San Cosme e Santos Reis teñen os seus propios cruceiros, entre os que tamén destacan o de Morouzos, en Castiñeiras, e o de A Escuka, en Hermelo, antiga parroquia e coto prioral da vila. A famosa Cruz de Hermelo sitúase no lugar de A Esculca, un fantástico mirador natural de onde se pode contemplar a ría de Pontevedra, a ría de Vigo e a de Arousa nos días despexados. Na estrada de subida atopase a igrexa de Santiago de Hermelo, que foi refundada no século XII. O interior do templo alberga unha inscrición pétrea latina que data a súa reconstrución no ano 1102.

Cruz de Hermelo



## > As praias e a costa...

Praia de Lapamán



... No incomparabel marco das Rías Baixas, Bueu conta con máis de dez kilómetros de costa que albergan decenas de praias para tódolos gustos, dende recollidas calas como Pedróns (Beluso) ata longos areáis como Lapamán (Cela).

Tamén podemos atopar praias no centro urbán como Petís, Pescadoira ou Banda do Río; xunto a esta última poderán disfrutar de terrazas o aire libre, onde refrescarse e degustar unha sabrosa tapa.

Na parroquia de Cela destacan tamén as praias de Portomaior e de Agrelo que enlaza con Bueu a través do areal de Loureiro. Na parroquia de Beluso, os areais máis destacados son Lagos, Areas de Bon, Tuia ?con cala nudista- e Mourisca, ademais da propia Praia de Beluso, situada preto do centro urbán e que alberga o porto deportivo.



Praia de Lagos



1- LAPAMÁN: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, quioscos, restaurante.
2- MUIÑO VELLO: acceso peonil.
3- COVELO: acceso peonil.
4- PEDREIRA: acceso peonil.
5- PORTOMAIOR: acceso rodado, duchas, auga potabel, quioscos, aparcadoiros, socorristas, acceso descapacitados.
6- AGRELO: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, quioscos, restaurantes.
7- LOUREIRO: acceso rodado, duchas, restaurantes.
8- PETIS: acceso rodado, duchas.
9- PESCADOIRA: acceso rodado.
10- BANDA DO RÍO: acceso rodado, duchas, aparcadoiros, duchas, restaurantes.
11- ROBALEIRA: acceso rodado.
12- BELUSO: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, restaurantes.
13- ROIBA: acceso rodado.
14- SARTASÉNS: acceso peonil.
15- TOIA: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, quioscos. (conta con cala nudista.)
16- MOURISCA: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, quioscos.
17- PEDRÓNS: acceso peonil.
18- ANCORADOURO: acceso peonil.
19- LAGOS: acceso rodado, aparcadoiros, duchas, quioscos.
20- AREAS DE BON: acceso rodado, duchas, aparcadoiros, quioscos, socorristas.
21- REVENTÓNS: acceso peonil.
22- LAGOELAS: acceso peonil.






Praia de Portomaior




## > Rutas de sendeirismo...

Ruta Cabo Udra

Dificultade: Media Distancia: 5 km. Duración: 3 h.

Ruta dos muiños

Dificultade: Media Distancia: 7 km. Duración: 4 h.

Ruta dos Abades

Dificultade: Alta Distancia: 18 km. Duración: 1 día.

Ruta dos Pazos

Dificultade: Media-Baixa Distancia: 7 km. Duración: 4 h.

Ruta da auga

Dificultade: Media Distancia: 12 km. Duración: 6 h.



Muiño de O Canudo


Praia Covelo
Praia de Porto Maior
Punta Cabezón da ría
Praia de Agrelo
Punta Pescadoiro
Praia da banda do río
Robaleira
Covelo
Resille
Sabarigo
Castrelo
Outeiro de Cela
Friande
Regato da Raposeira
Río da Pena
Torre
Muíño do Tombo
Río do Inferno
Viso
Cabreira
Antepazo
Cela
Iglesario
Alto de Telle
Capela de S. Nomé
BUEU
Casa Granxa do Placer
Outeiro de Bueu
Beloso
Barranco do Inferno
San Martiño
Pazo de Aldao ou dos Picos
Graña
Trasouto
Río Frade
Foxonoval
Muíño da Presa
Meiro
Ermelo
Monte Paralaia
Portela
Niño do Corvo
Monte Liboreiro
Pouso das Cruces
MOAÑA



## > Cabo Udra...

... A biodiversidade deste espazo natural está amparada por diversas figuras de protección entre as que destaca a europea Rede Natura 2000. Punta Udra adéntrase no mar aberto, proporcionando unhas vistas privilexiadas ao visitante. O cabo marca a fronteira entre as rías de Pontevedra e Aldán que, xunto as illas de Ons e Tambo se poden cotemplar dende a parte máis alta de Udra, o Alto do Carafixo.





O cabo está circundado por preciosas praias entre acantilados. Trátase ademais dunha zona de grande interese ornitolóxica, pois destaca a presenza de corvos mariños, gaivotas e distintas familias de aves migratorias, sen esquecer que en calquera momento se nos poden cruzar no camiño lagartos, serpes, ourizos ou coellos. A herba de namorar, o perexil de praia e diferentes tipos de algas son especies vexetais características da zona.



# Illa de Ons



Praia de Aréa dos Cans



Para pechar este paseo por Bueu, visitaremos as Illas Ons, que forman parte del Parque Nacional das Illas Atlánticas. O arquipélago, situado na entrada da ría de Pontevedra, componse de tres illas,



Buraco do Inferno

Ons, Onza e Centulo. Ons mide 6 km de longo por dous de ancho e en tempada turística está comunicada con Bueu, Aldán, Marín, Sanxenxo e Portonovo mediante barcos de pasaxe. Na illa pódense facer tres rutas de sendeirismo: a Ruta Histórica, a Ruta Naturista e a Ruta do Faro. Os visitantes desembarcan na zona coñecida como Curro, desde onde se poden dirixir a algunha das praias de area branca e augas cristalinas.







Mirador de Fedorentos

Camiñando en dirección ao sur da illa, aparecen as praias de Area dos Cans e Pereiró, antes de chegar ao campamento xestionado pola Xunta de Galiza. O percorrido continúa ata o mirador de Fedorentos e o Burato do Inferno. Tomando o camiño que parte á dereita da igrexa comeza a Ruta Naturista, pola que tras un paseo duns dous kilómetros chégase ata a praia de Melide, onde se pode practicar o nudismo. Punta Centolo, o monte Freitoxas, O Cucorno e o Faro son outros puntos de interese na illa, onde se puede pernoctar nalgún dos establecementos hoteleiros ou na zona de acampada, para a que se precisa de autorización.

Faro



Os mariscos e peixes lideran a riqueza gastronómica de Bueu, que conta cunha ampla oferta de restaurantes onde degustar pratos típicos como o arroz con bogavante ou o polbo "á feira". É precisamente este cefalópodo o que conta cunhas xornadas de exaltación , a Festa do Polbo (setembro). O Encontro-Degustación do Millo Corvo (finais de marzo) é outra das citas gastronómicas destacadas, complementada con actividades culturais na aldea de Meiro.



Pan de Millo



Queixo de tetilla

Os caldos de elaboración artesanal centran celebracións como a Festa do Viño Tinta Femia en Cela (xullo), ou a festividade de Santa Ifixenia, onde é tradicional degustar a sidra na capela do Pazo de Santa Cruz (setembro).

Mariscos





As parroquias de Bueu, Beluso e Cela conmemoran as súas respectivas festas patronais, San Martiño e Santa María, aínda que tamén adquire gran relevancia a da Virxe do Carme, cuxa imaxe se acostuma sacar en procesión polo mar. O Corpus Christi é outra das festividades de carácter relixioso destacada, xa que as rúas de Bueu se cubren con alfombras de flores elaboradas polos veciños.

Os colectivos sociais existentes xeneran unha grande actividade social. Proba disto son as diversas actividades e festivais que se celebran na vila. A asociación Os Galos recupera as embarcacións tracidionais propias da carpinteiría de ribeira, organizando saídas pola ría e no mes de xullo un encontro de embarcacións de este tipo.

Os festivais musicais durante o verán tamén teñen moita relevancia; así destacan Troula na Banda organizado na Banda do Río polo colectivo do mesmo nome a finais de xullo, o festival de música tradicional de Retrouso e o Chanscontro en Cela tamén en xullo, e A Noite do Trasno, evento que a Asociación Mozas e Mozos de Beluso celebra en Cabo Udra o segundo fin de semana de agosto.



A noite do Trasno (Foto: Xavicas)

# Teléfonos de interese



| | |
|---|---|
| Concello | 986 39 00 29 |
| Oficina Turismo | 986 32 44 57 |
| Policía Local | 986 32 00 62 |
| Biblioteca Pública | 986 32 31 40 |
| Centro de Saúde | 986 32 33 13 |
| Correos | 986 32 19 90 |
| Protección Civil | 986 32 22 67 |
| Museo Massó | 986 32 18 38 |
| Parada de taxis "Montero Ríos" | 986 32 09 10 |
| Parada de taxis "Pazos Fontenla" | 986 32 41 45 |
| Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) | 986 32 43 38 |

ALOXAMENTOS:

| | |
|---|---|
| Incamar (Hotel)<br>Montero Ríos, 147 | 986390026 |
| Bueumar (Hotel)<br>Avda. De Agrelo, 10 | 986390030 |
| Loureiro (Hotel)<br>Loureiro, 13 | 986320719 |
| Casa Videira (Casa Rural)<br>O Valado, 17 | 986321748 |
| Casa Torre Vella (Casa Rural)<br>Torre, 47 | 986324349 |
| Can do Penedo (Alq. Apartamentos)<br>Penedo, 8 | 986320154 |

WEBS DE INTERESE

www.bueu.com Web privada con información sobre a vila.

www.mozosemozas.org Asociación que organiza o festival A Noite do Trasno.

www.troulanabanda.info Asociación que organiza o festival Troula na Banda.

www.retrouso.com Asociación que organiza o festival de Retrouso xunto co Chanscontro

# TEXTO EN CASTELLANO

## 01 - Presentación

Bienvenido a esta hermosa villa marinera bañada por el Atlántico y arropada por el verde de sus montes, de la que sin duda se llevará un recuerdo inolvidable. Bueu le ofrece el olor del océano, las historias de sus monumentos, la belleza de sus bosques, sus playas y un contacto directo con la amabilidad de sus gentes que, como todos los gallegos, se caracterizan por la afable acogida que brindan. La riqueza de los exquisitos mariscos y pescados, el sabroso pulpo de la isla deOns, el sabor de la uva en septiembre y las filloas en carnaval, sin olvidarnos de la cosecha del millo corvo (típico maíz de color negro), hacen que cada época del año sea especial en Bueu.  Para disfrutar de todo esto venga y síganos. Le acompañamos en un viaje lleno de emociones, de lugares para visitar y espacios que conocer. Página a página se irá adentrando en la singularidad de nuestro pueblo.

## 02 - Emplazamiento geográfico

Como municipio integrado en la península de O Morrazo, Bueu limita al sur con el ayuntamiento de Cangas, al este con los de Marín y Moaña y al oeste con la ría de Aldán. El  norte de la localidad está bañado por la ría de Pontevedra, donde se halla la isla de Ons, que forma parte del Parque Nacional de las Islas Atlánticas. El clima, de tipo oceánico, es muy agradable, con inviernos suaves y veranos cálidos. Bueu está perfectamente comunicado mediante la carretera C-550 que lo une a la capital de la provincia, Pontevedra, de la que sólo dista 20 km. Para acceder a Vigo, se puede optar por la N-550 o por el corredor de O Morrazo, que dispone de salidas hacia las distintas localidades de la comarca. Desde Cangas puede llegarse por la costa, aunque existe la alternativa del interior a través de la carretera autonómica P0-320. Bueu se sitúa a 35 km del aeropuerto de Peinador, en Vigo, y a 76 del aeropuerto de Lavacolla, en Santiago, con fácil acceso a ambos por la autopista del Atlántico. También dispone de buenas comunicaciones con las estaciones de autobuses y de ferrocarril de Vigo y Pontevedra, desde las que existen servicios regulares.

## 03 - El municipio

Bueu es un municipio costero que supera los 12.000 habitantes, con una extensión de 31 kilómetros cuadrados de los cuales aproximadamente diez tienen carácter insular. La principal fuente de riqueza es la pesca, mientras que los cultivos se dedican esencialmente al autoconsumo. La pesca de arrastre fue desplazando a la de ardora, para la que se utiliza el arte del cerco, que antaño hacía de Bueu uno de los puertos más importantes por su impulso a la industria conservera. El municipio de Bueu se estructura en tres parroquias: Santa María de Beluso, Santa María deCela y San Martiño de Bueu.

### > San Martiño de Bueu

La parroquia que da nombre al municipio concentra los principales servicios. El puerto de la villa marinera reúne a un gran número de barcos pesqueros que dan vida a la lonja de pescado, donde

se realizan subastas a diario. En la misma zona se sitúan la Plaza de Abastos y el Centro Social, donde se celebran buena parte de las actividades culturales del ayuntamiento. Muy cerca se encuentran la Casa do Concello, el Museo Massó y también playas como Pescadoira o Petís, desde donde se prolonga el paseo marítimo hasta alcanzar la Banda do Río. La parroquia también cuenta con la iglesia de San Martiño, reconstruida en el siglo XIX a partir de un antiguo templo románico del cual se conservan algunas piedras, tiene tres naves y ábside rectangular con fachada neoclásica.

### > Santa María de Beluso

Se llega por la carretera de la costa que va de Bueu a Cangas. El centro de la parroquia está constituido por la Rúa Nova, desde donde parte la carretera hacia Cabo Udra, espacio incluido en la Red Natura 2000.Desde la Rúa Nova también tenemos acceso a las playas de Lagos y Area de Bon. Dos carreteras más parten del centro de Beluso una de ellas con dirección a Bon. En este lugar se encuentra la ermita de San Mamede, del siglo XVII, donde son de interés la sacristía, el altar churrigueresco y una inscripción de 1726 labrada en el arco triunfal. El vial desemboca en el Alto da Portela. Desde el cruce principal podemos dirigirnos hacia Cangas por la carretera autonómica 320 o acceder al corredor de O Morrazo en dirección Cangas, Moaña y Vigo.

### > Santa María de Cela

La parroquia de Cela se sitúa entre Bueu y Marín. Es famosa su iglesia románica del siglo XII, de una nave y ábside rectangulares. En la fachada del templo destaca la puerta con los arcos apuntados y un curioso tímpano en el que aparece la figura de un encapuchado flanqueado por leones, mientras que el dintel está decorado con tres cruces románicas. Subiendo por la carretera de la iglesia parroquial se accede al monte Chans, donde se ha habilitado un área recreativa y de paseo, con unas maravillosas vistas sobre el municipio y la ría de Pontevedra. La adecuada altura sobre el nivel del mar lo convierte en un lugar ideal para la práctica del parapente.

## 04 - Arte y arquitectura

### > Museo Massó

El Museo Massó, inaugurado por el inventor Gugliemo Marconi en 1928, nació por iniciativa de la familia catalana que dio nombre a las industrias conserveras más dinámicas de la comarca. La colección, que constituye un auténtico referente de la cultura marinera, abarca desde restos arqueológicos, como ánforas romanas, hasta antiguos instrumentos de navegación, sin olvidar la cartografía náutica y los libros incunables, auténticas joyas bibliográficas entre las que destacan Cosmographia, de Ptolomeo (1490) y Tabla de la diversidad de los Días, de Nebrija (1499). Las dos salas de exposiciones albergan además una carpintería de ribeira y modelos de embarcaciones antiguas, así como piezas de la desaparecida fábrica de Massó que ponen de manifiesto el desarrollo del sector conservero y ballenero a lo largo del siglo XIX. El museo acoge también una colección de cuadros del pintor gallego Urbano Lugrís, que cuenta en Bueu con otra obra de su autoría. Se trata de la capilla de Santos Reis, construcción ubicada en O Valado que refleja las características de la arquitectura y la escultura del artista.

> Pazos

Junto con las iglesias y capillas ya mencionadas, y las muestras tradicionales como molinos y lavaderos, los pazos constituyen las construcciones más singulares de la arquitectura en Bueu. Entre estas casas blasonadas, de propiedad privada, destaca el Pazo de Santa Cruz de Quitapesares, del siglo XVII, situado en el Alto da Carrasqueira. En el lugar de A Graña, junto a la carretera que une Bueu y Cangas, se encuentra el pazo más antiguo del municipio, cuya construcción se remonta al siglo XV. Se trata de la Casa dos Picos o Pazo do Casal, donde se cuenta que descansó la reina doña Urraca. Al otro lado del valle, en el Monte do Roxo, se ubica el Pazo de Castrelo. La parroquia de Cela cuenta con la Casa do Pracer -con la capilla de San Antonio de Padua- y la Casa da Torre, mientras que en Beluso se encuentra el Pazo de Ouril.

> Hórreos y cruceiros

El rural de Bueu reúne numerosas muestras de la arquitectura y escultura tradicional. Buena parte de las casas cuentan con su propio hórreo, estructuras de piedra en las que se guardaba el grano, sobre todo el maíz. Algunos hórreos tienen la particular característica de contar con un reloj de sol. Galicia es también tierra de cruceiros, tanto junto a los templos religiosos como en los cruces de caminos. Las capillas de San Mamede, San Cosme y Santos Reis tienen sus propios cruceiros, entre los que también destacan el de Morouzos, en Castiñeiras, y el de A Esculca, en Hermelo, antigua parroquia y coto prioral del municipio. La famosa Cruz de Hermelo se sitúa en el lugar de A Esculca, un fantástico mirador natural desde donde se puede contemplar en días despejados la ría de Pontevedra, la ría de Vigo y la entrada de la ría de Arousa. En la carretera de subida se encuentra la iglesia de Santiago de Hermelo, que fue refundada en el siglo XII. El interior del templo alberga una inscripción pétrea latina que fecha su reconstrucción en el año 1102.

## 05 - Naturaleza

> Las playas y la costa

En el incomparable marco de las Rías Baixas, Bueu cuenta con más de 10 km. de costa que albergan decenas de playas para todos los gustos, desde recogidas calas como Pedróns (Beluso) hasta largos arenales como Lapamán (Cela). En el casco urbano se encuentran las playas de Petis, Pescadoira y Banda do Río; junto a esta última podrán disfrutar de terrazas al aire libre, donde refrescarse y degustar una sabrosa tapa. En la parroquia de Cela se hallan las playas de Portomaior y Agrelo, que enlaza con Bueu a través de Loureiro. Y por ultimo en la parroquia de Beluso, los arenales más destacados son Lagos, Areas de Bon, Tuia y Mourisca, además de la propia playa de Beluso -más próxima a Bueu- que alberga el puerto deportivo.

> Cabo Udra

La biodiversidad de este espacio natural está amparada por diversas figuras de protección entre las que destaca la europea Red Natura 2000. Punta Udra se adentra en el mar abierto, proporcionando unas vistas privilegiadas al caminante. El cabo marca la frontera entre las rías de Pontevedra y Aldán que, junto con las islas de Tambo y Ons, se pueden contemplar desde la parte más alta de Udra, el Alto do Carafixo.

El cabo está circundado por preciosas playas entre acantilados. Se trata, además, de una zona de gran interés ornitológico, pues destaca la presencia de cuervos marinos, gaviotas y distintas familias de aves migratorias, sin olvidar que en cualquier momento se nos pueden cruzar en el camino lagartijas, serpientes, erizos o conejos. La hierba de enamorar, el perejil de playa y diferentes tipos de algas son especies vegetales características de la zona.

## 06 - Isla de Ons

Para cerrar este paseo por Bueu, visitaremos las islas Ons, que forman parte del Parque Nacional de las Islas Atlánticas. El archipiélago, situado en la entrada de la ría de Pontevedra, se compone de tres islas, Ons, Onza y Centulo. Ons mide 6 km de largo por dos de ancho y en temporada turística está comunicada con Bueu, Marín, Aldán, Sanxenxo y Portonovo mediante barcos de pasaje. En la isla se pueden hacer tres rutas de senderismo: la Ruta Histórica, la Ruta Naturista y la Ruta do Faro. Los visitantes desembarcan en la zona conocida como Curro, desde donde se pueden dirigir a alguna de las playas de arena blanca y aguas cristalinas. Caminando en dirección al sur de la isla, aparecen las playas de Area dos Cans y Pereiró, antes de llegar al campamento gestionado por la Xunta de Galicia. El recorrido continúa hasta el mirador de Fedorentos y el Buraco do Inferno. Tomando el camino que parte a la derecha de la iglesia comienza la Ruta Naturista, por la que tras un paseo de unos dos kilómetros se llega a la playa de Melide (seminudista). Punta Centulo, el monte Freitoxas, O Cucorno y el Faro son otros puntos de interés en la isla, donde se puede pernoctar en alguno de los establecimientos hoteleros o en la zona de acampada, contando con la pertinente autorización.

## 07 - Gastronomia y fiestas

Los mariscos y pescados lideran la riqueza gastronómica de Bueu, que cuenta con una amplia oferta de restaurantes donde degustar platos típicos como el arroz con bogavante o el pulpo 'á feira', cefalópodo que cuenta con sus propias jornadas de exaltación, la Festa do Polbo (septiembre). El Encontro - Degustación do Millo Corvo (finales de marzo) es otra de las citas gastronómicas destacadas, complementada con actividades culturales en la aldea de Meiro. Las bebidas de elaboración artesanal centran celebraciones como la Festa do Viño Tinta Femia, en Cela (julio), o la fiesta de Santa Efigenia, donde es tradicional degustar la sidra en la capilla del Pazo de Santa Cruz (septiembre). Las parroquias de Bueu, Beluso y Cela conmemoran sus respectivas fiestas patronales, San Martiño y Santa María, aunque también adquiere gran relevacia la Virxe do Carme, cuya imagen se acostumbraba a sacar en procesión por mar. El Corpus Christi es otra de las festividades religiosas destacadas, ya que las calles de Bueu se cubren con alfombras de flores elaboradas por los vecinos. Los colectivos sociales existentes generan una gran actividad social. Prueba de ello son las diversas actividades y festivales que se celebran en la villa. La asociación Os Galos recupera las embarcaciones tradicionales propias de la carpintería de ribeira, organizando salidas por la ría y en el mes de julio un encuentro de embarcaciones de este tipo. Los festivales musicales durante el verano también tienen mucha relevancia; así destacan Troula na Banda, organizado en la Banda do Río por el colectivo del mismo nombre a finales de julio, el festival de música tradicional de Retrouso y el Chanscontro en Cela también en julio, y A Noite do Trasno, evento que la asociación Mozas e Mozos de Beluso celebra en Cabo Udra el segundo fin de semana de agosto.



melodía visual - 669830773 - www.melodiavisual.com

CONCELLO DE BUEU
Casa do Concello
Eduardo Vincenti, 9
36930 Bueu Pontevedra

www.bueu.org
concello@bueu.org
turismo@bueu.org




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO

Rías Baixas Turismo
www.riasbaixas.org

CONCELLO DE BUEU

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA